



## DECRETO DA ALCALDÍA

Expediente núm.: 2025/G010/000004

Expediente núm.: 2025/G003/000445

Asunto: convocatoria sesión ordinaria Concello Pleno

A Corporación municipal, na sesión extraordinaria celebrada o día 13 de xullo de 2023, aprobou a fixación e periodicidade das sesións ordinarias plenarias, que deberán celebrarse cada dous meses, o cuarto venres dos meses impares, ás 21:00 horas (nove da noite).

Enterado da relación de expedientes.

Dende hoxe ten á súa disposición na secretaría xeral os antecedentes de que dispoña esta funcionaria relacionados cos asuntos que figuran na orde do día.

### RESOLVO

**Primeiro.-** Convocar a **SESIÓN ORDINARIA do CONCELLO PLENO** o día **28 DE MARZO DE 2025 (VENRES)**, ás **21:00 horas (nove da noite)**, en primeira convocatoria, a celebrar no **SALÓN DE PLENOS DA CASA DO CONCELLO**, coa seguinte

### ORDE DO DÍA

PARTE RESOLUTIVA	
	<p><b>1.1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES:</b></p> <ul style="list-style-type: none"><li>- ORDINARIA: núm. 2025/02, do 31 de xaneiro de 2025</li><li>- EXTRAORDINARIA E URXENTE: núm. 2025/03, do 25 de febreiro de 2025</li></ul> <p><b>A/s acta/s incluída/s no presente punto para a súa aprobación será/n achegada/s xunto coa presente convocatoria.</b></p>
	<p><b>1.2.- DAR CONTA:</b> <b>PROPOSTA CONCELLO PLENO</b> <b>ASUNTO:</b> INFORME TRIMESTRAL SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010 E PMP RD 635/2014 <b>PERÍODO DE REFERENCIA:</b> CUARTO TRIMESTRE DE 2024</p>
1	<p><b>1.3.- DAR CONTA:</b> <b>DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 133/2025 DO 08/02/2025.</b> <b>ASUNTO:</b> APROBACIÓN LIQUIDACION ORZAMENTOS EXERCIZO 2023 <b>EXPEDIENTE:</b> 2025/G003/000217</p>
	<p><b>1.4.- PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL</b></p> <p>Expediente número: 2024/C003/000012.</p> <p><b>Asunto:</b> ratificar e tomar coñecemento do decreto da alcaldía número 82/2025 do 29/01/2025, referente á aprobación do proxecto corrixido da obra <i>Mellora de capa de rodaxe no cruce AC-404 á Xesteira, Rieiro a presa da Xesteira, Guldrís aos Picotos, cruce de Vilar á igrexa de Cícere, camiño interior en Arantón, Cícere a Rebordelos e núcleo de Rebordelos (POS+24 AD2 2F).</i></p>
	<p><b>1.5.- MOCIÓNS</b></p>



**PARTE DE CONTROL (Non Resolutiva)**

**2.1.- MOCIÓNS**

**2.2.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA:** do 48/2025 do 20 de xaneiro de 2025 ao 303/2025 do 7 de marzo de 2025 (ambos inclusive); **ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS:** núm. 2025/02 do 28 de xaneiro de 2025; 2025/03 do 11 de febreiro de 2025; 2025/04 do 25 de febreiro de 2025; 2025/05 do 11 de marzo de 2025.

**2.3.- ROGOS E PREGUNTAS**

De acordo co artigo 90 do ROF, no caso de non existir quórum suficiente en primeira convocatoria (un tercio do número legal de membros da corporación), entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días máis tarde.

**Segundo.-** Pola secretaría levaranse a cabo os trámites necesarios para a notificación dos membros da Corporación municipal, que deseguido se relacionan, quedando notificado/s coa sinatura/remisión do presente escrito, así como do recibo da/s acta/s da/s sesión/s do Pleno do Concello para a súa aprobación:

NOME E APELIDOS	GRUPO POLÍTICO	TIPO NOTIFICACIÓN
ALBERTO ROMAR LANDEIRA	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
NOELIA BALEATO TOJA	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PATRICIA VAL ANTELO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
ESTEFANÍA CALVELO MUÑIZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
PABLO NEGREIRA SOUTO	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
CARLOS TURNES ROMERO	PSdeG-PSOE	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
MARÍA SALOMÉ BUSTELO LÓPEZ	PSdeG-PSOE	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
MARÍA JOSEFA POSE RODRÍGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL



JUAN JOSÉ LÓPEZ MUÑOZ	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
JOSEFA MARÍA CALVO VILAR	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
SILVIA CANCELA BLANCO	PP	REMITIDA POR CORREO ELECTRÓNICO
FERNANDO BAÑA DOMÍNGUEZ	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL
ANDY GARCÍA PEREIRA	PP	NOTIFICADA POLA POLICÍA LOCAL

Esta resolución notificarase en cumprimento do artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, coa indicación que:

Esta resolución, ao abeiro do art. 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa e contra ela poderá optar por:

a) Interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante este órgano, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución, nos termos dos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

b) Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou directamente, poderá interporse recurso contencioso administrativo, ante os xulgados do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses contados desde a resolución expresa do recurso de reposición ou 6 meses dende a súa resolución presunta. No caso de interporse o recurso contencioso-administrativo directamente, o prazo será de dous meses contados dende a notificación deste acto.

c) O recurso extraordinario de revisión, de acordo co art. 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.

Santa Comba, na data da sinatura electrónica.

O alcalde

Alberto Romar Landeira

Dou fe, o secretario accidental

(PR da DXAL do 25/03/2021 e P Dalc núm. 347/2025, do 17/03/2025)

Evaristo Lois Rama